

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE.- Don Alberto González Fernández

CONCELLEIROS:

Dona Rosa Ana Garcia López (PSdeG-PSOE)

Don Sergio Saavedra Gutiérrez (PSdeG-PSOE)

Don Benito Manuel Vega Fernández (PSdeG-PSOE)

Dona Jessica Sabin Fernández (PSdeG-PSOE)

Don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG-PSOE)

Don José Antonio Vigo Lago PP

Don Esteban García Alonso PP

Don José Antonio Rodríguez Fernández PP

Dona María Cristina Freire Aneiros PP

Don Luis Manuel Beceiro Rodríguez CENVAL

Don Manuel Javier Bacorelle Robles U POR V

Don Carlos Alberto Ameneiros Serantes BNG

Na Casa do Concello de Valdoviño, sendo as vinte horas do día vinte e oito de novembro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde e coa asistencia dos Sres/Sras. Concelleiros e Concelleiras relacionados anteriormente, así como da secretaria municipal dona Carlota M. González Fernández e da interventora dona Paula Campos Rodríguez e reunidos no Salón de Sesións, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión de carácter público polo Sr. Alcalde-Presidente á hora indicada, previa comprobación pola Sr^a. Secretaria do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, procedese ao tratamento dos asuntos da sesión.

l) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 16 de OUTUBRO DE 2015 (ORDINARIA).-

O Sr. Alcalde preguntalle ós Srs. Concelleiros/as se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión ordinaria do 16 de outubro de 2015, acta da que a totalidade dos membros da Corporación recibiu fotocopia do borrador nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Non se produce ningunha observación á acta, que queda aprobada por todos os concelleiros, se ben o Sr. Alcalde, non vota por non ter asistido a sesión.

2º.- COÑECEMENTO POLO PLENO DOS CONCELLEIROS QUE INTEGRAN AS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

ALBERTO GÓNZALEZ FERNÁNDEZ

ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ

SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ

BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ

ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

ESTEBAN GARCÍA ALONSO

Mª CRISTINA FREIRE ANEIROS

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

COMISIÓN INFORMATIVA DE PLANIFICACIÓN TERRITORIAL E XESTIÓN ADMINISTRATIVA

ALBERTO GÓNZALEZ FERNÁNDEZ

ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ

SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ

ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

ESTEBAN GARCÍA ALONSO

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO

JOSÉ ANTONIO RODRIGUEZ FERNÁNDEZ

LUÍS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE,
SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E TURISMO**

ALBERTO GÓNZALEZ FERNÁNDEZ

ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ

JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

BENITO M. VEGA FERNÁNDEZ

ESTEBAN GARCÍA ALONSO

M^a CRISTINA FREIRE ANEIROS

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS E SERVIZOS

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ

ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

M^a CRISTINA FREIRE ANEIROS

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

Valdoviño, 16 de novembro de 2015
O alcalde
Fdo.: Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación tomou coñecemento.

3º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”.

A Corporación de Valdoviño, realiza a seguinte declaración institucional:

“O concello de Valdoviño, quere trasladar o seu rexeitamento a todos os tipos de violencia, condenando calquera acto que non respecte o benestar e a liberdade das persoas, ao fio do que ven acontecendo nos últimos días.

Todas as agresións e desigualdades sociais teñen unha especial incidencia nas mulleres, polo mero feito de selo. Por iso, con motivo do “**Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres**” que se conmemora o vindeiro 25 de novembro, o concello quere manifestar a máis firme condena a todas as agresións, mortes ou faltas de respecto vividas por moitas nenas e mulleres en calquera lugar do mundo.

Expresamos o noso apoio a todas as vítimas, e o compromiso de desenvolver todas as actuacións municipais que dependan do noso quefacer para previr e intervir en todas aquelas situación que sexa preciso”.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS.-

Asunto ditaminado favorable na comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes en sesión do 16.11.15 conforme á seguinte

Proposta de Alcaldía:

“Vista a necesidade de aprobar unha ordenanza municipal de regulamento do Rexistro de Asociacións veciñais, baseada na normativa vixente.

Vista a Providencia de Alcaldía de 10.11.15 e Visto informe de Secretaría.

Visto o proxecto de Ordenanza elaborado.

Esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do Rexistro municipal de Asociacións, anexa a proposta.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, someterase o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxestións que consideren pertinentes, podendo consultarse o expediente na Secretaría da Casa do Concello.

Terceiro.- De non haber alegacións, o expediente entenderase aprobado definitivamente e procederase á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Non obstante, o Pleno resolverá o que estime máis convinte.
Valdoviño, 11 de novembro de 2015

O Alcalde,
Asdo: Alberto González Fernandez”.

ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

Exposición de motivos

O dereito a asociarse aparece determinado na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que desenvolve o dereito fundamental de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución.

No ámbito local é o artigo 236 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o que prevé a existencia dun Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais. Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza nos artigos 232, 233, 234 e 235 deste regulamento só poderán ser exercitados por aquelas que se atopan inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Polo tanto, o rexistro ten por obxecto permitirlle ao Concello coñecer o número de entidades non lucrativas existentes no termo municipal, os seus fins e a súa representatividade, para os efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal, por tanto, é independente do Rexistro Xeral de Asociacións, no que asemade, deben figurar inscritas todas elas.

O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais é independente do Rexistro Xeral de Asociacións e do Autonómico, que supoñen un recoñecemento legal da asociación, mentres que o rexistro municipal serve para poder exercitar as posibilidades de participación e obtención de beneficios expresados nos artigos 232 a 235 do ROF.

Se contan con estatutos, número do Rexistro Xeral de Asociacións ou do Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, e demais elementos básicos, as asociacións serán

legais, independentemente da súa inscrición no Rexistro Municipal, que, insistimos, ten carácter voluntario, e incluso deben cumprir a condición de tratarse de asociación para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, polo que poden existir asociacións que aínda desexando inscribirse no Rexistro Municipal non cumpren este (ou outros) requisito(s); agora ben, só os inscritos gozarán no seu caso dos dereitos recoñecidos.

Mais unha cousa é a voluntariedade da inscrición e outra é a voluntariedade da creación do rexistro. Para que as asociacións poidan inscribirse debe existir este rexistro, porque ao ser un dereito dos particulares a inscrición, é unha obriga das administracións a creación deste, mais non existe unha formalidade legal para a creación do rexistro, que se levará na Secretaría Xeral da Corporación, e dado que non é unha competencia do Pleno das enumeradas no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL.), poderá realizarse por decreto da Alcaldía baseándose no artigo 21 da mesma norma, atribuíndose como unha competencia residual máis.

Obxecto e características

Artigo 1.- O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitirlle ao Concello de Valdoviño coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins, representatividade e incidencia, para os efectos de posibilitar unha política municipal axeitada que contribúa a fornecer o tecido asociativo local.

Artigo 2.- O Rexistro Municipal de Asociacións é independente do Rexistro Xeral de Asociacións e do Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, polo que a inscrición das entidades ou organizacións en calquera destes últimos non presuporá a inscrición no primeiro.

Artigo 3.- O Rexistro levarase na Secretaría Xeral.

Artigo 4.- Os datos contidos no Rexistro Municipal de Asociacións serán públicos, exceptuando aqueles que estean especialmente protexidos pola Lei de protección de datos (LO 15/1999 de 13 de decembro).

Inscrición no Rexistro

Artigo 5.- Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas que teñan o seu domicilio social no termo municipal de Valdoviño e cuxo obxecto sexa a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio, e en particular, as asociacións de veciños/as, as de nais e pais de alumnos, os clubs deportivos, as entidades culturais, xuvenís, recreativas, sindicais, empresariais, profesionais e calquera outra semellante, que exerzan as súas actividades dentro do ámbito territorial de Valdoviño.

Artigo 6.- As asociacións interesadas na inscrición deberán presentar a solicitude e achegar mediante orixinal ou fotocopia compulsada a seguinte documentación.

- 1) Acta fundacional.
- 2) Estatutos, adaptados á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- 3) Resolución/s de inscrición preceptiva/s no/s rexistro/s doutras administracións públicas que corresponda/n legalmente.
- 4) CIF.
- 5) Certificación do/a secretario/a da entidade indicando nome, apelidos, NIF, domicilio e teléfono das persoas que ocupan os cargos directivos no momento da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, así como o domicilio social da entidade e o número de socios/as.
- 6) Orzamento do ano en curso.
- 7) Programa de actividades do ano en curso.

As entidades deportivas deberán presentar copia compulsada dos seus estatutos adaptados ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, de deporte de Galicia.

Artigo 7.- A unidade administrativa encargada da colaboración na xestión do rexistro realizará as comprobacións oportunas para a inscrición da asociación. No prazo de quince (15) días, que contarán desde a solicitude de rexistro, deberalle comunicar á asociación interesada o seu número de inscrición. O transcurso do prazo poderá interromperse en caso de que fose necesario requirirle á asociación para que presente a documentación non incluída inicialmente. Se transcorrido o prazo concedido a asociación non achega os datos requiridos, entenderase que renuncia da súa pretensión de inscribirse. No caso de que a asociación solicitante non obtivese resposta á solicitude de inscrición no prazo sinalado de quince (15) días, a inscrición entenderase efectuada, sempre que a asociación tivese achegado a documentación preceptiva.

Artigo 8.- A partir da data de comunicación do número de inscrición, considerarase que a asociación está dada de alta a todos os datos referentes ás asociacións que teñan que figurar nos arquivos desta administración.

Dereitos

Artigo 9.-

1. Os dereitos recoñecidos nesta ordenanza ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza só serán exercitables por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

2.-As asociacións inscritas, logo da petición por escrito presentada no Rexistro Xeral coa antelación que sexa establecida polos servizos correspondentes, poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais sociais e medios de

comunicación, coa limitación que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás instalacións, todo elo de acordo co establecido no presente reugulamento.

As autorizacións concederanse atendendo ás actividades programadas, a dispoñibilidade de espazos, persoal e horarios, segundo os criterios que sexan fixados polas unidades responsables da xestión dos medios solicitados. Asemade, as asociacións inscritas poderán acceder ás accións formativas que impulse o Concello de Valdoviño en fomento do asociacionismo.

Artigo 10. - Logo da solicitude escrita dirixida ao Concello, as asociacións inscritas poderán recibir no seu domicilio social as convocatorias dos órganos colexiados municipais cuxas sesións sexan públicas, cando na orde do día figuren cuestións relacionadas co obxecto social destas.

Artigo 11. - As asociacións inscritas, mediante solicitude escrita dirixida ao Concello, poderán recibir os acordos e resolucións adoptados polos órganos municipais cando o seu contido afecte a temas relacionados co obxecto social da entidade.

Artigo 12. - O Concello, logo de petición expresa das asociacións inscritas interesadas, remitiralles as publicacións que, editadas polo Concello, resulten de interese para aquelas, atendendo ao seu obxecto social.

Artigo 13. - Na medida que o permitan os recursos municipais e logo do procedemento establecido nas bases de execución do orzamento, o Concello poderá subvencionar economicamente as asociacións, tanto no que se refire aos seus gastos xerais coma ás actividades que realicen.

Artigo 14. - As asociacións xerais ou sectoriais poderán canalizar a participación da cidadanía nos Consellos Sectoriais, nos órganos colexiados de xestión desconcentrada e nos órganos colexiados de xestión descentralizada de servizos municipais cando tal participación estea prevista nas regulamentacións ou acordos municipais polos que se rexan e, no seu caso, na medida que o permita a lexislación aplicable, e levarase a cabo nos termos e co alcance previstos nestes.

En todo caso, teranse en conta, para os efectos de determinar o grao de participación de cada unha delas, tanto a especialización sectorial do seu obxectivo social coma a súa representatividade. En principio, a participación das asociacións só se admitirá en relación con órganos deliberantes ou consultivos, agás nos casos nos que a Lei autorice a integración dos seus representantes en órganos decisorios.

Artigo 15. - Os distintos departamentos municipais artellarán as relacións de colaboración necesarias co fin de facilitar a tramitación dos asuntos promovidos polas asociacións debidamente inscritas, sendo a unidade administrativa responsable da xestión do Rexistro Municipal de Asociacións a encargada de subministrar a outras unidades municipais os datos referentes ás asociacións que haxan de obrar nos arquivos desta administración.

Artigo 16.- As asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións poderán ser declaradas polo Pleno do Concello de Valdoviño como entidades de interese público local, de acordo con criterios de representatividade, garantía de funcionamento democrático e actividades realizadas e complementariedade destas coas actividades municipais. Do mesmo xeito, por acordo motivado poderán perder a citada cualificación de utilidade pública municipal.

Poderán ser declaradas entidades de interese público local aquelas asociacións de veciños, culturais, deportivas, recreativas ou outras que desenvolvan principalmente a súa actividade no municipio. Deberán caracterizarse pola defensa dos veciños e veciñas de Valdoviño. Así mesmo, tenderán a promover os intereses xerais de Valdoviño: de carácter cívico, educativo, cultural, deportivo, científico, sanitario, de promoción dos valores constitucionais e dos dereitos humanos, de asistencia social, de promoción da muller e fomento da igualdade, defensa do medio ambiente, de promoción económica e fomento da economía do municipio.

As Asociacións declaradas de interese público municipal terán dereito preferente, na medida das posibilidades, á utilización de locais e instalacións municipais e á percepción de subvencións, tanto para gastos ordinarios de funcionamento como para o desenrolo e promoción de actividades concretas.

Obrigas

Artigo 17. - As asociacións están obrigadas a notificarlle ao Rexistro Municipal de Asociacións todas as modificacións dos datos de inscrición dentro do mes seguinte á data en que se produzan.

Artigo 18. - Anualmente, durante o mes de xaneiro, as asociacións comunicarán, mediante unha breve memoria, o programa anual de actividades e o orzamento previsto para o ano en curso. Comunicarán, así mesmo, cantos datos de rexistro actualizados lles sexan solicitados.

Artigo 19. - As asociacións responderán do uso realizado das instalacións municipais e dos danos que nestas puidesen causar pola súa utilización.

Artigo 20. - O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar, logo de tramitación do oportuno expediente, á baixa da asociación no Rexistro coa conseguinte perda dos dereitos enumerados na presente ordenanza.

Disposicións finais

Primeira.- Para o non previsto por esta ordenanza, o Rexistro Municipal de Asociacións, e as relacións das inscritas nel co Concello de Valdoviño, rexeranse polo Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Segunda.- A presente ordenanza entrará en vigor, logo da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña, despois de transcorrer o prazo previsto no

artigo 70 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

INTERVENCIONES

Sr. Alcalde.- É preciso saber que asociacións están funcionando, e ter o rexistro claro e ao día para facilitar a laboura de elaboración de bases para darlles as posibles subvencións. Asociacións, moitas delas que prestan moi bo servizo no concello, con realización de actividades e eventos.

Sr. Ameneiros.- Estou conforme, pois cobren en ocasións actividades que non da o concello, e debemos de volcarnos con elas.

O Pleno da Corporación acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía, en votación ordinaria e por unanimidade.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE PARA INSTAR A INCLUSIÓN DA VACINA CONTRA A MENINXITE B NO CALENDARIO VACINAL.-

A voceira do PSOE, Sra. García López da lectura da moción, do contido que segue:

“Rosa Ana García López, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Valdoviño, ao amparo do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, presenta ante este pleno, a seguinte **MOCIÓN** para instar aos gobernos de España e da Xunta de Galicia a incluír a vacina contra a meninxite B no calendario vacinal en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En España iniciáronse campañas de vacinación que foron de carácter obrigatorio ate os anos 20 por mor dunha epidemia de variola, despois desta etapa de campañas, nos anos 70 implementanse os calendarios vacinais, incidíndose na prevención temperá ao realizala naqueles grupos de maior risco como son os nenos/as dende case o nacemento. Estas vacinacións sufragadas polo erario público, supuxeron un gran avance non só en saúde e diminución drástica da mortalidade infantil, senón en igualdade de oportunidades, posto que calquera familia tiña ao seu dispor, de xeito gratuíto, a oportunidade de inmunización ou polo menos de minimizalos riscos e secuelas de moitas enfermidades.

A Constitución Española, no artigo 43 de protección da saúde, no seu punto primeiro recoñécelle aos cidadáns españois o dereito á protección da saúde e no segundo, establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

O Convenio sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola ONU e ratificado por España, establece no artigo 6, que os Estados asinantes recoñecen que tódolos nenos teñen

dereito intrínseco á vida e garantirán na máxima medida posible a supervivencia e desenvolvemento do neno.

Existe dende fai meses un colectivo denominado “**Plataforma de Cidadáns pola Saúde – Vacina XA**”, que se moviliza para recordarle aos poderes públicos os deberes de protección que teñen coa cidadanía e en especial na protección da saúde e a prevención da enfermidade e esixen destes poderes, que introduzan a vacina contra a meninxite B de xeito universal e gratuíto para tódolos cidadáns, tendo en conta que neste ano xa morreron dous veciños de Arteixo e outro en Boiro. Dende esta plataforma son conscentes de que o eido municipal non ten case competencias a nivel sanitario e que a Xunta de Galicia non é quen de modificar unilateralmente o calendario vacinal, pero recórdanos que os Grupos Municipais dos concellos, están formados por veciños e veciñas, e son os representantes políticos da administración máis próxima á cidadanía, por iso nos piden que sexamos os valedores da súa causa ante os Gobernos da Xunta de Galicia e o Goberno de España, propoñendo, para aprobar polo pleno municipal, os seguintes **ACORDOS**:

- ! Instar ao Goberno de España para que curse a orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída de xeito inmediato no calendario vacinal.
- ! Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B.

Novembro 2015

Voceira Grupo Municipal Socialista

SR. ALCALDE/ALCALDESA-PRESIDENTE/A DA CORPORACIÓN MUNICIPAL”

INTERVENCIÓNS

Sra. García López.- Hai que ter en conta ademáis, que a raíz destes casos, enriquecense os laboratorios. Debería cubrirse todo pola Sanidade Pública.

Sr. Ameneiros.- Apoio esta moción, que como di a Sra. García López, o Goberno está con estas situacións, a afondar nas diferencias sociais.

O Pleno da Corporación prestou, en votación ordinaria e por unanimidade a súa aprobación a anterior moción do PSdeG-PSOE.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE PARA PEDIR A DERROGACIÓN DA LEI 27/2013 DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL) OU NO SEU DEFECTO, A DEVOLUCIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS.-

“Rosa Ana García López, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Valdoviño, ao amparo do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, presenta ante este pleno, a seguinte **MOCIÓN para pedir a derogación da lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) ou, no seu defecto, a devolución ás entidades locais das competencias en materia de prestación de servizos sociais e promoción e reinserción social en base a seguinte**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local veu reformar a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poñendo en xaque a base do municipalismo e o modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos trinta anos.

A reforma exposta priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, así como en sanidade, consumo, igualdade, políticas activas de emprego, etc.

A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención ós cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.

Desde o principio, o PSOE opúxose frontalmente a esta reforma porque ataca e dana á raíz mesma do goberno municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camino á desaparición ou á privatización dos servizos sociais que prestan os concellos. O texto é, ademais, un ataque á Carta Europea de Autonomía Local. Tamén se opuxeron o resto dos grupos da oposición e alcaldes de toda España, incluídos moitos do Partido Popular.

Por iso, os Grupos Parlamentarios Socialista, Esquerda Plural, Unión Progreso e Democracia, e Mixto (BNG, CC-NC-PNC e Compromís-Q) presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei. O mesmo fixeron algunhas Comunidades Autónomas. Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, presentaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local constitucionalmente garantida. Tanto os recursos como o conflito presentados foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.

Hoxe de novo, reafirmamos o noso compromiso de derogar esta lei en canto o PSOE chegue ao Goberno. Un dos principais ataques ao municipalismo da LRSAL é un cambio profundo na organización do sistema público dos Servizos Sociais, que afecta a repartición e a relevancia da Administración Local no conxunto das actuacións do Estado, desposuíndo de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade, e onde é esencial a proximidade para a prestación dos servizos. Calcúlase que cando o 31 de decembro entre en vigor a previsión de cesión das competencias de servizos sociais municipais ás CCAA, máis de 8,5 millóns de cidadáns veranse afectados.

Desta maneira créase unha situación crítica para a continuidade do sistema público de Servizos Sociais en España que se foi construíndo desde os anos 80, sobre a base do marco constitucional, e dos Estatutos de Autonomía.

En desenrolo do marco constitucional foise consolidando o actual sistema público de Servizos Sociais, baseado na cooperación entre administración e que permite a aplicación do Plan Concertado de Servizos Sociais.

Esta reforma creba a estrutura xa consolidada e limita extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera “avaliación e información de situación de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, desnaturalizando por completo o sistema actual.

Ademais, isto lévase a cabo nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. 2,8 millóns de nenos, o 33,8 por cento da poboación menor de idade, están en risco de pobreza. A taxa de cobertura por desemprego baixou até deixar desatendidas á metade das persoas en paro, mentres que ter un traballo, xa non garante saír da pobreza en España.

Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral, pero paradoxalmente, o Goberno do PP, no seu afán de reducir a mínimos a protección social, consumou o desmantelamento da Rede Pública de Servizos Sociais de proximidade, con recortes orzamentarios (64% no Plan Concertado) que, ademais de deixar sen protección a miles de cidadáns en plena crise, supuxo a destrución de máis de 10.000 postos de traballo do sector público local.

Tamén se marxina aos cidadáns que viven no medio rural ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rendibilidade, e para traspasar ditas competencias directamente ás deputacións provinciais.

En definitiva a LRSAL suporá para millóns de persoas perder a atención social que reciben dos seus Concellos. Por iso, a Xunta de Goberno da FEMP pediu unha moratoria da súa entrada en vigor e a posterior derogación da mesma.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno Municipal a presente **MOCIÓN**, solicitando a adopción do seguinte **ACORDO**:

Dirixirse ó Goberno do Estado para:

- a) Derogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- b) Mentres tanto, se comprometa a tramitar, de forma inmediata, unha modificación lexislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia

de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, reafirmando a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuício da necesaria coordinación de competencias entre administración, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.

Novembro 2015

Voceira Grupo Municipal Socialista

SR. ALCALDE/ALCALDESA-PRESIDENTE/A DA CORPORACIÓN MUNICIPAL”

INTERVENCIONES

Sra. García López.- Faise un desmantelamento dos Servizos Sociais, do que xa falamos nos plenos. A Lei ten unha visión exclusivamente economicista, cando a proximidade ao cidadán é o fundamental.

Sr. Ameneiros.- Supón un ataque frontal á autonomía local; deben ser os gobernos municipais os que presten bos servizos sociais.

Sr. Vigo Lago.- Le o seguinte escrito:

“Tras 35 anos da aprobación da lei reguladora das bases de réxime local, dende o PP consideramos necesaria unha actualización da normativa local. Esta actualización levouse a cabo a través da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade do goberno local. E como a consideramos unha lei necesaria, a Xunta e a Fegamp fixeron alegacións e suxestións para acadar un texto final mellorado, consensuado e que servese para a modernización das administracións públicas.

Tamén somos conscientes, de que **esta reforma e actualización quedou incompleta** ao non recollese todas as alegacións que trasladou a Fegamp e que foron aprobadas por unanimidade polos alcaldes galegos.

Esta Lei estatal establece o marco da reforma local e a Xunta non o vai incumprir; pero sempre dentro do marco estatal, **o goberno galego abordou unha reforma da normativa autonómica que permitiu desenvolver ese marco estatal e adaptalo á realidade de Galicia e ás súas particularidades e especificidades, corrixindo e mellorando aqueles aspectos nos que consideramos que hai marxe de mellora.**

A Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local forma parte dun conxunto de actuacións incluídas no Plan Nacional de Reformas e ven a dar resposta á necesidade de actualizar o marco normativo do réxime local e de acadar unha maior eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos locais. Neste sentido, coincidimos cos principais **obxectivos** da Lei de racionalización e sostibilidade da Administración Local:

- Clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras administracións.
- Racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local de acordo cos principios de eficiencia e equilibrio financeiro.
- Garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso.

Ademais esta lei ten **aspectos positivos** para o municipalismo galego:

- Permite a cesión dos gastos derivados das competencias educativas e sanitarias ás Comunidades Autónomas, unha reivindicación histórica do municipalismo galego.

- Delimita as competencias das deputacións provinciais, atribuíndolles principalmente a asistencia aos concellos con menores recursos para a prestación da súa carteira básica de servizos.
- Pon fin á cofinanciación de competencias autonómicas desde o ámbito local, xa que os servizos que se deleguen aos concellos levarán parella o 100% do financiamento para poder ser asumidos.
- Homoxeiniza os salarios dos electos municipais en función de tramos de poboación, poñendo fin a discrecionalidades e debates sociais estériles.
- Fomenta as fusións municipais voluntarias, incorporando mecanismos para mellorar o financiamento local a aqueles concellos que dean este paso.
- Fortalece os controis internos e externos na xestión pública a través da figura do interventor.
- Blinda as competencias dos concellos, permitíndolles prestar servizos que non sexan nin propios nin delegados baixo a única condición de non poñer en risco a estabilidade presupuestaria do concello.

Sen embargo, hai aspectos desta lei estatal que debían ser abordados a través dunha lei autonómica, tendo en conta as aportacións que foron plantexadas pola Fegamp. E, neste sentido, en exercicio da competencia exclusiva en materia de réxime local que o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia, o Parlamento de Galicia aprobou a **Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local** co obxectivo de evitar resultados indesexables ou disfuncionalidades no funcionamento dos servizos públicos que prexudiquen á cidadanía.

Con esta lei autonómica asegúrese aos municipios e as provincias o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia.

A lei galega regula o réxime de atribución de competencias propias aos municipios despois da entrada en vigor da reforma, incorporando a regulación recollida na lexislación de bases en canto á necesidade da análise do impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das administracións públicas afectadas e o cumprimento dos principios de estabilidade, sustentabilidade financeira e eficiencia do servizo ou a actividade, así como a necesaria previsión da dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais.

Así mesmo, régúlese a delegación de competencias, autorizando a Administración da Comunidade Autónoma a delegar nos municipios o exercicio das súas competencias.

En relación ao acordo da moción referido á devolución ás Entidades Locais das competencias en materia de servizos sociais, a Disposición Adicional 4ª da lei galega 5/2014 da resposta a esta demanda ao establecer expresamente que *“as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e **servizos sociais** en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, **continuarán sendo prestadas polos municipios** mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela”*.

Polo tanto, afirmacións como as recollidas na moción na que se di que “*millóns de persoas van perder a atención social que reciben dos seus concellos*”, amosan, cando menos, un descoñecemento da realidade.

De todos os xeitos, o que nos parece máis grave é que o PSOE fale de desemprego e de taxa de pobreza, cando o partido socialista condenou ao paro a moitos traballadores, disparando a desigualdade. Vostedes adelantaron as eleccións pola súa incapacidade para gobernar. En 2011 perdíanse 1.430 empregos cada día e en 2015 estanse creanse 1.492 empregos ao día. Esta é a diferenza entre as súas políticas e as do Partido Popular”

Sra. García López.- Dixo que a Lei permite prestar servizos ¿cales?

Sr. Vigo.- Dacordo en que se presten os servizos sociais dende os concellos pero a Lei de Dependencia do PSOE non foi presupostada economicamente e acarreeu un gran problema. A Xunta está traballando neste tema.

Sr. Alcalde.- A Lei Galega foi un parche mal feito, deixa as Administracións Locais sen capacidade. Non se pode dicir politicamente dende os concellos e pedimos a derogación da Lei 27/2013 de 27 de decembro. O pide tamén a FEMP e a FEGAMP e incluso moitos alcaldes do PP.

Sr. Ameneiros.- Penso que están dacordo todos en que os servizos sociais os presten nos concellos, aínda que os do PP teñan que defender o que di a Lei. Acadaronse nestes anos logros sociais importantes e non deberían perderse.

Sr. Alcalde.- O goberno do POSE realizou transferencias para gastos ás Comunidades Autónomas, para liberar aos concellos (mantementos de Centros de Saúde, Centros Escolares, entre outros).

Sr. Beceiro .- Penso que este tema non debería ter discusión.

O Pleno, mediante votación ordinaria e por maioría aprobou a moción transcrita. Votos a favor de todos os grupos municipais, agás do grupo Partido Popular que vota en contra.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Sr. Alcalde anuncia que se trae fóra da Orde do Día unha ordenanza que se quere implantar para o pagamento polos contratistas da Dirección da Obra, o que supón un aspecto económico positivo para as arcas municipais, e con este obxectivo estiveron os técnicos traballando a fondo para poder presentala neste pleno. Trátase da ordenanza que previamente remitiu por correo electrónico aos grupos políticos, ao tempo que pide desculpas por ter que traela por vía de urxencia.

O pleno da Corporación, por unanimidade e votación ordinaria ratificou a urxencia deste punto

.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS, INSPECCIÓN E DIRECCIÓN DE OBRAS REALIZADAS POLOS TÉCNICOS COMPETENTES.-

PROPUESTA DE DE ALCALDIA:

“En relación con el expediente relativo a la aprobación de una ordenanza fiscal reguladora de tasa por prestación de servicios , inspección y dirección de obras realizadas por los técnicos competentes, en cumplimiento de la Providencia de Alcaldía de fecha 10 de noviembre de 2015 , emito el siguiente informe-propuesta de resolución, de conformidad con lo establecido en el artículo 175 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, con base a los siguientes,

ANTECEDENTES DE HECHO

PRIMERO. Providencia de alcaldía de 10 de noviembre de 2015.

SEGUNDO: anexo do texto.

LEGISLACIÓN APLICABLE

La Legislación aplicable viene establecida por:

— Los artículos 15 al 19 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— *Los artículos 92 al 99 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que recogen la regulación del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica*

— Los artículos 22.2.d) y e) y 47.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Visto cuanto antecede, se considera que el expediente ha seguido la tramitación establecida en la Legislación aplicable, procediendo su aprobación inicial por el Pleno de este Ayuntamiento, de conformidad con lo previsto en el artículo 47.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, por mayoría simple de los miembros presentes.

Por ello, de conformidad con lo establecido en el artículo 175 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, el que suscribe eleva la siguiente propuesta de resolución:

INFORME-PROPUESTA DE RESOLUCIÓN

PRIMERO. Aprobar la Ordenanza fiscal reguladora de tasa por prestación de servicios , inspección y dirección de obras realizadas por los técnicos competentes según el texto de anexo a esta propuesta.

SEGUNDO. Exponer al público el anterior Acuerdo mediante anuncio que se insertará en el tablón de anuncios municipal durante el plazo de treinta días hábiles, a contar desde el siguiente al de publicación de dicho anuncio en el *Boletín Oficial de la Provincia*, dentro del cual los interesados podrán examinar el expediente y presentar las alegaciones que estimen oportunas¹.

TERCERO. En caso de que no se presentasen alegaciones al expediente en el plazo anteriormente indicado, el Acuerdo se entenderá definitivamente aprobado, sin necesidad de Acuerdo plenario, de conformidad con el artículo 17.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

No obstante, la Corporación acordará lo que estime pertinente.

En VALDOVIÑO, A 20 de noviembre de 2015

El alcalde

Fdo.: Alberto Gonzalez Fernández”

ANEXO

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes

Art. 1.- FUNDAMENTOS E NATUREZA

O Concello de Valdoviño no uso das facultades conferidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, e de conformidade co que dispoñen os arts. 57 e 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece a Taxa por Prestación de Servizos, Inspección e Dirección de Obras e de coordinación de seguridade e hixiene que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Art. 2.- FEITO IMPONIBLE

O Feito imponible está constituído polos servizos, de recepción obrigatoria, de vixilancia, inspección, dirección de obras e coordinación de seguridade e hixiene no traballo, prestados polos técnicos designados polo Concello legalmente capacitados para asumir a dirección o inspección das obras. A obrigaçión de contribuír por esta Taxa nace coa prestación dos servizos citados e no momento no que os técnicos competentes designados para a dirección da obras presten a súa conformidade ás correspondentes certificacións de obra.

Art. 3.- SUXEITOS PASIVOS

Estarán obrigados ó pago da Taxa que se regula nesa Ordenanza as persoas físicas o xurídicas adxudicatarias o que executen as obras municipais no que se preste o servizo establecido no artigo 2 desta ordenanza.

Art. 4.- RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigaçións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 38.1 e 39 de la Lei xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das persoas xurídicas, síndicos, os interventores o liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeneral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 de la Lei Xeral Tributaria.

Art. 5.- BASE IMPONIBLE

A Base para a determinación da Taxa estará constituída polo importe da execución material da obra,

Art. 6.- TIPOS DE GRAVAMEN E CUOTA TRIBUTARIA

O tipo de gravame a aplicar estará en función da base imponible segundo o seguinte cadro:

Dirección e inspección de obra

3 % do presuposto de execución material

Coordinación de seguridade e saúde

1 % do presuposto de execución material

O importe desta Taxa se considera implicitamente comprendida no beneficio industrial dentro do elemento do custo e concepto de gastos xerais no suposto de que a taxa de honorarios non figure xa determinada no proxecto e en cada certificación como partida independente.

Art. 7.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Dada a natureza deste tributo no se recoñece exención algunha. A liquidación desta Taxa gozará das bonificacións que legalmente se establezan.

Art. 8.- DEVENGO E OBLIGACIÓN DE CONTRIBUIR

Devéngase esta taxa e nace a obriga de contribuir desde o momento no que a Administración Municipal designa ó técnico competente para dirixir, vixiar e inspeccionar as obras, cuxo devengo se irá materializando a medida que se executa a obra e se certifica polo técnico.

Art. 9.- XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO DA TASA

A liquidación desta Taxa estará a cargo de la Oficina Técnica correspondinte e se practica en cada certificación de obra que se someta a la aprobación dos órganos competentes do Concello. O acto do acordo de aprobación da certificación de obra comprenderá tamén a aprobación da taxa por honorarios dos profesionais intervinientes pola prestación del servizo, e proceder o pago da certificación, se practica a correspondinte retención da Taxa que terá ingreso na contabilidade presupostaria o en las correspondentes contas para a adecuada e posterior aplicación definitiva. Cando se

trate de obras dirixidas e inspeccionadas polos técnicos funcionarios o contratados en réxime de Dereito Laboral, sen dereito o percibo de honorarios, o importe da taxa de honorarios ingresarase no Presuposto Municipal, no suposto de que os técnicos a quen o Concello encomendara a dirección e inspección das obras no sexan emproades da mesma, se procederá ó pago ós técnicos dos importes correspondentes, con retención, a súa vez, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, na forma prevista regulamentariamente no suposto que corresponda.

Art. 10.- INFRACCIONS E SANCIONES

En todo o relativo a certificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a a mesmas correspondan en cada caso, se estará o disposto nos arts. 178 e seguintes da Lei 58/2003 do 17 de Decembro, Xeral Tributaria e así normativa de desenvolvemento.

INTERVENCIÓNS

Sr. Ameneiros.- Estamós na liña de reducir o que se poida o gasto.

Sr. Vigo.- Conformes coa ordenanza pero quero saber se o tipo de gravame é un 4% máis un ou un 3% máis un. ¿E non se fala dos contratos menores?

Sr. Alcalde.- Os informes marcan un 3% máis 1.

Sra. Interventora.- Non se diferencia en procedementos.

Sr. Rodríguez Fernández.- O considero importante para o concello.

Sr. Alcalde.- É interese do grupo de goberno a procura dunha racionalización pero tamén teño que dar as gracias aos traballadores municipais.

Sometese a aprobación inicial da ordenanza a votación, que queda aprobada polo Pleno en votación ordinaria e por unanimidade.

Igualmente o Sr. Alcalde anuncia que se presenta tamén fóra da Orde do Día unha moción referente ao sector naval e que a mandaron ao concello para a súa inclusión, con posterioridade á convocatoria da sesión plenaria.

O pleno da Corporación, por unanimidade e votación ordinaria ratificou a urxencia deste punto.

.- MOCIÓN EN APOIO AO FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA NA RÍA DE FERROL.-

A grave situación pola que atravesamos o sector naval na ría de Ferrol segue, logo de máis de tres décadas, nun proceso de progresivo desmantelamento; constituíndo en contraposición ao papel que lle correspondería como sector estratéxico na economía comarcal e galega, un dos elementos que máis está a contribuir ás elevadas taxas de desemprego (as máis altas de Galicia), emigración e índices de emerxencia social e pobreza no entorno dos concellos da comarca.

A aguda crise que atravesan os asteleiros de Navantia Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen, a prácticamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral. Ésta xa ten manifestado a súa inqueda con mobilizacións masivas e de non variar a situación intensificaránse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá.

As Corporacións Municipais, advertimos da necesidade de novos contratos, que garantan plena ocupación nos estaleiros da Ría e a súa División de Reparacións. Esiximos un compromiso firme de todas as Institucións para dotar de medios técnicos e humanos ao estaleiro de Fene e a garantía de Navantia de facer efectivo xa o levantamento do veto a Construción Naval Civil. Entendemos básicas estas demandas que, de non ser atendidas, derivarían nunha seria ameaza para o futuro do naval, un sector estratéxico e fundamental na economía das nosas comarcas.

Os Alcaldes de Ferrolterra, Eume e Ortegá, en representación das nosas Corporacións, sumámonos ás lexítimas demandas dos axentes sociais e facemos un chamamento a todas as Institucións a comprometerse na resolución inmediata das devanditas demandas, que enumeramos a continuación:

1. Mantemento da titularidade pública de todos os centros de traballo de Navantia na Ría de Ferrol.
2. Defensa do sector naval civil e militar, potenciación de Reparacións e Turbinas, fabricación de bens de equipo, produción en offshore e enerxías renovables. Defensa destas actividades como sector estratéxico en Galicia.
3. Dotación inmeidatamente de carga de traballo aos asteleiros da Ría, garantindo a colocación de sendas quillas nas gradas de Ferrol e Fene.
Construción do Dique, orde de execución urxente do mesmo.
4. Plan de futuro, que asegure o sostemento da compañía e o seu reforzamento a medio e longo prazo, coa participación dos representantes dos traballadores/as.
! Incorporación de xóvenes que garanta a continuidade de todos os centros de traballo, dotándoos de plantilla suficiente para afrontar calquera tipo de proxecto, evitando a liquidación de postos de traballo, a precarización das condicións laborais e a merma da capacidade de produción.
! Industria Auxiliar, como complementaria para Navantia, non como mecanismo de abaratamento de custes.
! Demanda de contratación propia como no resto de Administracións e eliminación da precaridade equiparando as condicións laborais e salariais.
! Capitalización e posta en marcha dun Plan de Investimentos, que modernice os estaleiros e potencia a I + D+I en todas as áreas.
5. Descentralización da xestión, en especial os departamentos de Compras/Aprovisionamentos.

6. Esixencia ás organizacións políticas do cumprimento e seguimento destes obxectivos.

7. Reunión urxente co Presidente da Xunta de Galicia, a Dirección de Navantia e os Comités de Empresa de Navantia Fene-Ferrol, coa presenza conxunta dos Sindicatos, da Universidade, e de representantes públicos e económicos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

INTERVENCIONES

Sr. Alcalde.- Somos meros transmisores do documento que nos presentaron.

Sr. Ameneiros Serantes.- Non vou abondar na postura do BNG respecto ao sector naval.

Sr. Vigo.- Quen mirou polo sector naval foi a Xunta de Galicia, o Partido Popular, que procurou carga de traballo. Imos votar a favor da moción.

Sr. García Sousa.- Na ría de Ferrol había 2.500 traballadores de plantilla fixa. Hoxe soio hai traballo para unhas 300 persoas. Co Goberno de Rguez Zapatero expandírase o traballo do naval en Ferrol con construción de barcos para Noruega, con dous mega-buques para Australia.... Co PP soio foi o do flotel.

Sr. Vigo.- En desacordo. Astano foi una potencia económica e quen a desmantelou non foi o Partido Popular.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Faigan memoria, porque algúns do PP acusaron a Navantia de non dar carga a Ferrol, o PP soio cargou a medalla.

O pleno da Corporación, por unanimidade e votación aprobou a moción que antecede.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

7º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. RELACIÓN NÚM 9/2015.-

Nª	Data	Extracto do contido
381	08-10-15	Concedenselle á funcionaria Paula Campos Rodríguez os días 13 e 26 de outubro e 7 de decembro de 2015 coma de asuntos propios.
382	08-10-15	Resolvendo remitir o expte administrativo relativo ao PA 216/15 ao Xulgado do Contencioso-Admvo de Ferrol, emprazar para persoamento como codemandanda á Compañía Aseguradora desta Admon. Pública e encomendar a defensa do concello á asesoría xurídica da Coruña.
383	08-10-15	Aprobanse gastos e autorízanse pagamentos contidos nas relacións anexas ao decreto. Importe total. 16.428,09 euros.
384	09-10-15	Aprobando retribucións persoal laboral temporal- peóns limpeza praias- por remate contrato. Importe total 4.532,40 euros.
385	09-10-15	Concedenselle ao funcionario Juan José Pérez Fernández os

		días 13, 14, 15, 16, 21, 22 e 23 de outubro de 2015, coma de asuntos propios.
386	09-10-15	Concedeselle ao funcionario Santiago López Vilela os días 13, 14, 15 e 16 de outubro de 2015 coma de asuntos propios.
387	13-10-15	Convocatoria sesión ordinaria Pleno Corporación do 16.10.15
388	14-10-15	Aprobanse os gastos e autorízanse os pagos, de 3 fras, detalladas no decreto. Importe total: 1.400 euros.
389	14-10-15	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local de 15.10.15.
390	15-10-15	Aprobación de expte de modificación de crédito –xeración de crédito- Importe total: 11.400 euros.
391	15-10-15	Aprobando expte modificación crédito nº 7/15 -incorporación remanentes-.Importe total: 326.119,88 euros.
392	15-10-15	De concesión de licenza en exptes de obra menor.
393	15-10-15	Resolucion inicio exptes sancionadores de tráfico. 42 exptes.- Importe principal: 8.010€; bonificado: 4.085€.
394	15-10-15	Resolución dun expte sancionador de tráfico. Importe principal: 200€
395	16-10-15	Resolución dun expte sancionador de tráfico. Importe principal: 200€
396	21-10-15	De aprobación de cotas- prezo público- por prestación SAF, meses maio e xuño de 2015. Importe total: 10.907,85 euros.
397	21-10-15	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local de 22.10.15.
398	23-10-15	Resolución dun expte sancionador de tráfico. Importe principal: 200€
399	26-10-15	Aprobanse gastos e autorízanse pagamentos contidos nas relacións anexas ao decreto. Importe total. 18.275,87 euros.
400	27-10-15	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía á peticionaria C.V.P.
401	27-10-15	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía ao peticionario A. G.B.
402	27-10-15	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía á peticionaria C.C.C
403	27-10-15	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía ao peticionario A. G.L.
404	27-10-15	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía ao peticionario J.L.C.
405	27-10-15	Concedeselle á funcionaria Rita Díaz González o día 3 de novembro de 2015, coma de asuntos propios.
406	27-10-15	Concedeselle á funcionaria Rosario García Villar o día 30 de outubro de 2015, coma de asuntos propios.
407	28-10-15	Aprobanse as retribucións dos funcionarios de outubro de 2015, por un bruto de 51.537,49€; do persoal laboral por 12.435,05€ e as destinadas a membros da Corporación a abonar neste mes por 3.224,37€.
408	28-10-15	Comunicación á Xunta Electoral de Zona de locais para campaña electoral e emprazamentos para colocación de carteis, trala

		convocatoira de eleccións xerais de 2015.
409	29-10-15	Polo que se incoa expte referencia OPI 3/15 ordeando a propietarios de parcela de Moimento- Loira que aclaren a biomase vexetal existente preto de vivendas.
410	29-10-15	Concedeselle á funcionaria M ^a del Carmen Lamas Rodríguez o día 3 de novembro de 2015 coma de asuntos propios.
411	29-10-15	Convocatoria sesión extraordinaria de Xunta de goberno local de 30.10.15.
412	30-10-15	Autorizando festas patroais en honor a San Martiño na pq de Villarrube os días 7 e 8 de novembro de 2015.
413	03-11-15	Polo que se incoa expte RLU 8/2015 contra promotor de obra en Gándara-Meirás incumprindo a normativa urbanística.
414	03-11-15	Aprobase a extinción do SAF á usuaria falecida MC. M.G.
415	04-11-15	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local de 05.11.15.
416	04-11-15	Nomease interventor acctal ao funcionario Senén Martínez Prieto por vacacións da interventora, os días 4, 5 e 6 de novembro de 2015.
417	04-11-15	De levantamento de reparo interposto pola intervención e aprobación gastos con autorización pagamentos contidos nas relación anexas ao decreto. Importe total: 109.647.05 euros.
418	05-11-15	Encomendase a defensa do concello á asesoría xurídica da Deputación en relación a Resolución da Xunta de Galicia acordo o reintegro das subvencións pagadas ao Concello dentro do Fondo Estatal para o Emprego e Substentabilidade Local.
418-Bis	05-11-15	Delegación especial a prol dun concelleiro da Corporación para celebración matrimonio civil o 28.11.15.
419	06-11-15	Resolución inicio 3 exptes sancionadores de tráfico. Importe principal: 480€; bonificado: 240 euros.
420	09-11-15	Declarando a xubilación por idade de traballador laboral fixo (oficial tractorista) o día 14.11.15 e dispoñendo o seu cese e dispoñendo o cese do traballador laboral que ocupa este posto de relevo.
421	10-11-15	Acordando establecer os días de permiso por asuntos particulares e días de vacacións anuais atendendo á nova Disposición adicional da Lei 7007 polo que se aproba o Estatuto do Empregado Público.
422	11-11-15	Convocatoria sesión ordinaria Xunta de goberno local.

O Pleno tomou razón dos decretos da relación núm. 9/2015.

O Sr. Vigo Lago, interesase polos decretos 417 e 418, que se lle aclaran neste intre: o decreto 417 é dos levantamentos de reparo e o 418 referido ao Fondo Estatal 2010 (subvención de gastos sociais que non se xustificaron polo Concello).

8º.- DAR CONTA DE INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO CONCELLO: 3º TRIMESTRE DO ANO 2015.-

9º.- DAR CONTA DE REMISIÓN DA EXECUCIÓN DO 3º TRIMESTRE NA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS.-

10º.- DAR CONTA DE REMISIÓN DO CUSTO EFECTIVO DE SERVIZOS NA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS.-

Os Corporativos tomaron coñecemento do contido dos puntos 8º, 9º e 10º da Orde do Día, do que obtiran información na comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa, en sesión do 16 de novembro pasado; así como copia de documentación facilitada pola área económica municipal.

A Sra. Interventora explica que hai que remitir á Oficina Virtual Estatal- Coordinación cos Entidades Locais- diversa documentación ao longo do ano coma os informes sobre pagamentos das obrigas, a que se refire o punto 8º.

Tamén hai que remitir información trimestral sobre a execución do presuposto, con formularios que comprenden diversos conceptos económicos e igualmente documentación de análises de intervencións de concellos e análise de custos dos servizos (a que se refiren os puntos 9º e 10º). É dicir, que hai que cumprir estes trámites legais.

O Sr. Alcalde sinala que en execución presupostaria o grupo de goberno está na liña de contención do gasto, derivado da necesidade de facer Plan de Estabilidade.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

SR. AMENEIROS SERANTES.-

- ✓ .- Reitero a necesidade de pedir á Xunta, a través dunha declaración de todos os grupos municipais, a inclusión de partida orzamentaria para Centro de Día e Gardería en Valdoviño.

Sr. Alcalde.- Comprometome a cursar petición de entrevista ao Conselleiro de Política Social.

- Estamos na liña de crear espazos para desenvolvemento de actividades infantís.

- ✓ .- Hai que prever actuacións na zona da parada do bus en Robles, é necesario paso de peóns.

- ✓ .- Pido que se reivindique o asunto da frecuencia do bus Cedeira- Ferrol.

- ✓ .- Solicito se conte en Valdoviño con Orientador Laboral, evitando que a xente se teña que desprazar a outros concellos a informarse laboralmente.
- ✓ .- Solicito se tome interese pola concentración parcelaria Lago- Meirás.

Sr. Alcalde.- Chegou a cesión de elementos das estradas aínda que non concederon todo; pero sí beiravías e beirarrúas. Estudiaremos cos técnicos a instalación de marquesiña.

Chegou resolución de transportes para modificar os tráfico. Reuniremonos coa Secretaría de Servizos de Transporte na Coruña, porque efectivamente hai poucas liñas, temos un problema coa xente nova que vai aos Institutos, que teñen un mal servizo da liña de buses e a solución non é doada.

- ✓ .- Solicito se elaboren normas para exencións en canto a IBI e outros impostos a pagar para a xente sen recursos.
- ✓ .- Os requisitos da Deputación para fraccionar o pagamento conlevan atranco, polo que pido se plantexe á Deputación a mellora da situación, eliminado burocracias.

Sr. Alcalde.- É necesario en Valdoviño contar con orientador laboral. A Deputación sacou liñas de financiamento, pero precisase aportación municipal, que non é viable derivado da situación económica do Concello.

- Da concentración parcelaria falamos coa Directora da Concentración, transmitindo as cuestión pendentes. Faltan as actas definitivas.

Sr. vigo lago.- Eu me reunira coa Xefa Territorial polo tema dos moxóns e dixo de cambialos.

SR. AMENEIROS SERANTES.-

- ✓ .- Solicito que o Concello artelle bonificacións nos ICIOS e incentivos para fomento da construción.
- ✓ .- Pido reunión con responsables da Seguridade Viaria, para posta de semáforo no Cruce da Porta do Sol.

Sr. Alcalde.- Outro problema e o da pouca visibilidade que conleva falta de seguridade.

-Actualmente as bonificacións é un tema delicado, pero podemos falar.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDOS POR VALDOVIÑO.-

SR. BACORELLE ROBLES.-

Despois de darlle a benvinda ao Sr. Alcalde, fai a súa intervención.

✓ .- Roga se faiga nova distribución do estrado (nas sesións plenarias).

✓ .- Escrito de “Viaqua” sobre lectura duchas Praia. ¿A qué sé refire?

Sr. Alcalde.- Hai lecturas continuas deste tipo, e non o entendemos, porque debería facer control do consumo a propia empresa.

Sr. Vega Fernández.- Son lecturas que veñen en automático, dende a central da empresa.

✓ .- ¿Hai algunha sentenza da que teñamos que tomar coñecemento?

Sra. Secretaria.- Non. Temos que recibir algunhas. Das que foron chegando deuse conta e de momento gañou o Concello.

✓ .- O 30.10.15 hai solicitude de cambio nun vial público. ¿Cal?

Sr. Alcalde.- Comprobarase.

✓ .- ¿De qué son unhas facturas de empresa NCH stop 23?

Sr. Vigo Lago.- Poden ser as da enerxía eléctrica en O Coval.

✓ .- ¿E as facturas de “Antesurada”?

Sr. Alcalde.- Quizáis sexan facturas de Cultura.

✓ .- ¿Houbo queixas do servizo de recollida de lixo?

Sr. Alcalde.- Houbo, tanto en canto aos itinerarios coma ao xeito de actuar, e falamos coa empresa.

✓ .- ¿Contratouse algo con Tax Consulting Galicia?

Sr. Alcalde.- Si, houbo cambio de contrato asesoría i ésta foi a mellor oferta.

✓ .- ¿Houbo problema co verquedoiro incontrolado do Limpeiro?

Sr. Alcalde.- Si, e deuse traslado á Xunta.

✓ .- ¿Fixose algún requerimento ao SEPES relativo a biomasa?

Sr. Alcalde.- Si

.- ¿Cal é a situación da Lagoa da Frouxeira?

Sr. Alcalde.- Enviouse fax pedindo activen o protocolo. Estase comprobando diariamente a cota e din que van modificar un pouco o sistema.

✓ .- ¿Qué facía o tractor municipal no polígono Rio do Pozo?

Sr. Vega Fernández.- Levouse a amañar.

✓ .- ¿Hai facturas do camping pendentes de pago?

Sr. Alcalde.- Se fixo reclamación.

✓ .- ¿Houbo problema no verán coa instalación do circo onde se facía o feirón?

Sr. Alcalde.- Se lles advertiu, tras a solicitude de soio instalar en espazo municipal, no privado, traer autorización do propietario.

✓ .- A todas as accións para Cáritas lles dou aprobación. Pero ¿Consta na intervención ingreso municipal do partido de fútbol que houbo?

Sr. Vega Fernández.- Cáritas recadou directamente.

As 22 horas, previo aviso á Presidencia, o concelleiro do BNG abandoa a sesión.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CENVAL.-

SR. BECEIRO RODRÍGUEZ.

✓ .- ¿Cal é a situación da obra do “Porto do Cabo”?

Sr. Alcalde.- O Xulgado determinou o pago polo Concello á empresa, coa que estamos en conversas. Queremos poñela en funcionamento, fíxose solicitude de verquido e estamos pagando as multas.

Houbo reunión coa Confradía de Cedeira por causa dos verquidos.

✓ .- ¿Está contratado o servizo no polideportivo o Longoiro?

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Quedou adxudicado o mantemento polo anterior goberno a “SEDEGA”; as actividades as contratamos nós.

✓ .- ¿Para cando a apertura de plicas para servizo limpeza edificios municipais?

Sr. Alcalde.- Axiña

✓ .- ¿Funciona a obra do Cameleiro?

Sr. Vega Fernández.- Non está funcionando, a titularidade do contador a ten “Viaqua” hai que solicitalo e despois pedir maior potencia.

Sr. Alcalde.- Fenosa non colocou o contador.

✓ .- ¿A qué corresponden unas fras. de xardinería?

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Eran de mantemento do campo de fútbol e as devolvemos, porque se fai o mantemento cada mes.

✓ .- Solicitannos o 13.11.15 devolver subvención. ¿De qué?

Sr. Alcalde.- Debe ser do FEIL.

✓ .- Pido reposición de farola en mal estado, por seguridade (de zona non municipal); o responsable será o propietario.

✓ .- ¿Vaise cubrir praza de Policía?

Sr. Alcalde.- Hai problema neste concello para sacar prazas, aínda que é vontade nosa dotar ao concello de nova praza de Policía local, Tractorista, Traballadora social e Educadora social.

✓ .- Rogo se proceda á limpeza de camiño real en San Miguel.

Sr. Alcalde.- Tomo nota, estamos intentando limpar todos os camiños municipais.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

SR. VIGO LAGO

✓ .- Quero aclarar respecto ao camping, porque sendo alcalde se me acusou de querer pechalo, que vostedes prorrogaron o contrato e que estivo aberto de xeito ilegal. Teño documentado, posto que me dirixen a Industria (teño aquí o escrito que dí):

“Asunto: Suministro Cámping A Lagoa- Valdoviño

Recibido o seu escrito de data 08/09/2015 no que solicitaba que se lle facilitase información sobre as causas polas que se realizou o corte de subministro eléctrico ó citado Cámping, procedeuse a abrir expediente informativo. Entre outras actuacións, solicitouse informe a Unión Fenosa.

Con data 05/10/2015 contéstannos que “En cuanto a si por parte de esta Distribuidora se ha realizado un corte en el suministro del mencionado cámping, informar que fue realizado un corte de este suministro al existir un enganche directo sin contrato”

Sr Alcalde.- Nos transmitiron que o problema era comercializadora-distribuidora.

✓ Sr Vigo.- O grupo electrógeno que se meteu tamén foi ilegal e a auditoría, da que vostede ten copia, dicía o mesmo. Vostedes prorrogaron de maneira ilegal.

✓ .- Ademais ¿Facilitou o concello o grupo electrógeno ao camping? ¿Quen o pagou?

Sr Alcalde.- Non vin ninguna factura, non poido confirmalo agora mesmo.

✓ .- O Concello de Moeche ten un depósito, ten un verquido que ven o río da Bañoa, que alimenta ás Forcadas. Habería que comprobalo e ver as posibles consecuencias.

✓ .- ¿Fixose algo do deslinde con San Sadurniño?

Sr. Alcalde.- Falamos con ese concello.

✓ .- ¿Cómo se está coa obra de alumado do POS 2015?

Sr. Alcalde.- Vaise facer a acta de reformulo.

✓ .- ¿Hai subvención para a canalización Campelo- Cantodomuro?

Sr. Alcalde.- Encargarase proxecto, logo un modificado (12.000 €). Conseguense os permisos e o da Cooperativa e cando Vostedes se van do goberno por parte de “Viaqua” presentase escrito de dúbidas da execución porque podería modificar parámetros da depuradora. Non sabemos pois se pode executarse.

Sr. Rodríguez.- Haberá que mirar este tema.

✓ .- Estaba aprobada a modificación da estrada de Loira. ¿Vaise facer?

Sr. Alcalde.- Si, de O Coval a Loira.

✓ .- Villarrube ten saneamento feito, falta meter depuradora. ¿ Incliuse algo nos novos plans?

Sr. Alcalde.- Non vai nos plans nada de depuracións.

Valdoviño non pode aportar nada para confección de proxectos.

O PAS 2015 é para investimentos sostibles.

✓ .- ¿Vaise facer proxecto de depuración en Villarrube?

Sr. Alcalde.- En Villarrube, ¿onde? Porue onde decían vostedes, precisa tramitación Ambiental.

Sr. Vigo.- Parroquias como Loira, Vilaboa, Pantín, cun simple bombeo poderían desviarse para ese nivel.

Sr. Rodríguez Fernández.- No pleno pasado falouse de que nas comisións informativas non se contaba ao Alcalde para a composición, a Lei non fala de que se considere aparte no cómputo de número ao Alcalde.

O Sr. Beceiro dixo que a Lei en isto era flexible, a Lei sinala creación do grupo mixto.

Atendeuse a petición que fixeramos incorporando un concelleiro máis do noso grupo nas comisión, pero o PSOE incorporou tamén outro membro.

Agradezo se atendeuse a nosa solicitude, pero tiña que aclarar isto.

Rematado o turno de rogos e preguntas, e sendo as once horas e cinco minutos, queda levantada a sesión pola Presidencia. Do que, coma Secretaria, extendo a presente acta e CERTIFICO o seu contido.

A Secretaria,

O Alcalde,